

# Escritores no Camiño

[Ruta do Camiño Primitivo](#)



Mosteiro de Samos



# Ruta do Camiño Primitivo

321 kms

O Camiño Primitivo está ligado ao descubrimento da tumba do **apóstolo Santiago** e á figura do **rei Alfonso II**, coñecido como O Casto. Esta ruta enlaza **Oviedo** e **Compostela**, sendo o primeiro camiño do que se ten constancia, xa que foi precisamente este monarca quen completou o itinerario para constatar que os restos aparecidos en Galicia eran os do apóstolo. A súa infancia transcorreu no **Mosteiro de Samos**, onde recibiu unha coidada educación, polo que o seu contacto con terras galegas foi determinante ao longo da súa vida.

Foi el quen ordenou a construción da primeira igrexa dedicada a Santiago no enclave da actual catedral compostelá e quen alentou a constitución do Mosteiro de **San Paio de Antealtares**, situado na **Praza da Quintana**, xusto en fronte da cabeceira do edificio catedralicio, cuxa comunidade colaboraba coa promoción ao culto santiagués. A importancia deste rei para a consolidación do Camiño de Santiago é tan relevante que, popularmente, recórdase coa fra-

se: «Quen vai a Santiago e non a San Salvador, visita ao criado, pero non ao señor», en alusión ao patrón de Oviedo, cidade na que o monarca establecera a súa corte.

A vida e as fazañas de Alfonso II na súa loita contra os musulmáns a través da Reconquista, que el mesmo iniciou, reflexáronse na literatura española ao longo dos séculos. Así, por exemplo, **Lope de Vega** inspirouse nel para escribir *El casamiento de la muerte* ou protagonizaría, entre outros, o *Cantar de*





*Berardo del Carpio*, un cantar de xesta medieval de finais do século XII e comezos do XIII.

O Camiño Primitivo adéntrase en Galicia polo enclave lucense de [Alto do Acevo](#), onde agarda unha paisaxe de alta montaña e o manantial de [Fonfría](#), que lle axudará a repoñer forzas ao camiñante. Desde o século IX, esta foi a ruta empregada polos peregrinos asturianos e tamén por outros procedentes de diversas partes de Europa. A pesar de que co traslado no século X desde Oviedo a León da capital do reino promocionouse o uso do Camiño Francés, foron os devotos das reliquias quen mantiveron esta ruta primitiva viva, xa que nas catedrais de Oviedo e Lugo consérvanse un grande número delas.

As paisaxes desta ruta durante o seu transcurso ata chegar á cidade de Lugo están repletas de zonas boscosas, tramos esixentes e constantes referencias xacobeas, incluídas na toponimia, como a localidade de [Hospital de Montouto](#), onde aínda se conservan as ruínas do que foi un hospital para atender a peregrinos e viaxeiros construído no século XIV nun enclave inhóspito, no que as condicións climáticas invernais son moi duras. Tamén discorre o trazado polo [Cádavo](#), onde no Campo da Matanza tivo lugar unha batalla entre as tropas do rei Alfonso II e as musulmás invasoras no século IX e onde a día de hoxe existe un albergue para peregrinos.

A figura de Santiago Matamouros, iconografía do apóstolo guerreiro, é símbolo da Reconquista desde que a tradición conta que se lle apareceu montado a caballo no ano 844 ao monarca Ramiro I para axudarlles ás tropas cristiás fronte ás musulmás na Batalla de Clavijo. A súa presenza en forma de imaxe nas numerosas igrexas das vías que conforman o Camiño de Santiago como símbolo de zona reconquistada ás tropas invasoras.



Porta de San Pedro, Lugo



Muralla de Lugo



**Castroverde** é a última localidade importante do Camiño antes de chegar a Lugo capital e, como non podía ser doutro xeito, a súa igrexa parroquial está dedicada a Santiago Apóstolo e entre as imaxes que se conservan no interior figura unha de Santiago Matorros, iconografía omnipresente nos templos das distintas vías do Camiño de Santiago.

A seguinte parada nesta ruta é a capital da provincia, **Lugo**, de orixe romana e a cidade máis antiga de Galicia. Cóntase que nela chegou a predicar o apóstolo Santiago, ao escoitar falar dela tras a súa chegada a Iria Flavia, e que a el se atribuiría a fundación da súa catedral, que durante algúns períodos da historia serviulles de refuxio aos peregrinos que chegaban. Paseando por dentro da **muralla** que acouta a zona monumental, o visitante atoparase próximo á **Porta de San Pedro** co recordatorio de que o rei Alfonso II entrou por ela á cidade, inaugurando así a primeira ruta do Camiño.

En Lugo naceu e viviu **Ánxel Fole**, xornalista e un dos máis destacados prosistas do século XX galego, colabora-

A catedral lucense conta cunha capela dedicada ao apóstolo Santiago, que se converteu nunha das preferidas polos fieis que acoden e que alude á lenda de que o apóstolo Santiago predicou na cidade e promoveu a creación da catedral.

dor de medios como *El Pueblo Gallego* ou *El Progreso* e director da revista literaria *Yunque*. A súa literatura ilustra perfectamente a vida rural de mediados do século XX polas terras que percorre o Camiño Primitivo e as que o rodean. En obras como *Á luz do candil*, *Contos da néboa* ou *Terra brava*, o escritor recolle peculiaridades das zonas que axudan a entender a etnografía, a antropoloxía e as palabras e xiros empregados no medio rural lucense de montaña que habitou en diversos épocas. En definitiva, os seus textos convertéronse en auténticas guías en base ás cales podemos percorrer a provincia de Lugo e o resto de Galicia, recreando pequenas viaxes que el gozou durante toda a súa vida.



Á luz do candil, Anxel Fole

Tamén en Lugo destaca a figura da escritora **María Dolores Acevedo**, que durante a segunda metade do século



Catedral de Lugo

XX foi unha prolífica autora de novela rosa e do oeste. Para esta última temática empregou o seudónimo May Miller. Títulos como *La vil intriga*, *Del odio al amor*, *En cuerpo y alma*, *El hijo del she-riff* o *El tronar de los revólveres* poden amenizar o descanso do viaxeiro, tras percorrer a histórica cidade lucense, e evadirse a escenarios afastados.

Representante da narrativa actual e tamén orixinario da cidade amurallada é **Miguel Anxo Murado**, periodista e escritor de poesía, ensaio, prosa ou teatro, tamén colaborou coa creación de guións para series para televisión. Entre os seus títulos, destacan *Otra idea de Galicia*, *La invención del pasado*, *Metamorfosis benezianas*, *Historias peregrinas* ou *Bestiario dos descontentos*.

Continuando o camiño, cada vez máis preto de Santiago, pero aínda en terras lucenses, o viaxeiro ten a oportunidade de visitar o **Mosteiro de Santa María de Ferreira de Pallares**, en **Guntín**, que albergou un hospital de peregrinos, e que conserva unha imponente igrexa que a día de hoxe fai as veces de templo parroquial. Próximo está **Friol**, de onde é orixinario o escritor de novelas históricas **Francisco Narla**. A través das páxinas de títulos como *Los lobos del centeno* pódese viaxar a unha Galicia do século XIX poboada por meigas, a Santa Compañía e lobishomes ou coñecer a historia de *Laín, el bastardo*, cuxas fazañas por medio mundo narra o trobador medieval **Martín Codax**.

En *Historias peregrinas*, **Miguel Anxo Murado** narra as peripecias dunha compañía de teatro que percorre o Camiño de Santiago interpretando danzas da morte e autos sacramentais. A raíz de tomar como guía unha versión do Códice Calixtino defectuosa, os actores acabarán por perderse nun bosque próximo a Compostela, servíndolles de oportunidade para reflexionar acerca das personaxes que interpretan, da comedia e das falsas apariencias.

Obra realizada para o Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021